

Escolarización e alfabetización no medio rural galego. Rianxo 1900-1931¹

X. Miguel Somoza Rodríguez

Ramón Santos Rodríguez

RESUMO: Este é un estudio dos aspectos cuantitativos dos procesos de escolarización e alfabetización nas primeiras décadas deste século no concello rural e mariñeiro de Rianxo (A Coruña). Ó estudar estes procesos atendendo ó nivel local revélanse particularidades ás veces veladas na homoxeneidade das grandes cifras rexionais ou estatais: un índice moi baixo de alfabetización no medio mariñeiro, marcadas diferencias de escolarización e alfabetización entre as diversas parroquias do concello, así como nos diferentes lugares dunha mesma parroquia, un importante crecemento porcentual da alfabetización feminina, e as diferencias no grao de alfabetización segundo os grupos profesionais.

ABSTRACT: This study focuses on the quantitative aspects of the process of school enrollment and literacy during the early decades of this century in the rural and seafaring municipality of Rianxo (A Coruña). The study of these processes on a local level reveals certain characteristics that sometimes remain hidden behind the homogeneity of the large regional or national figures: a very low literacy level in the seafaring environment, sharp differences in school enrollment and literacy among the different parishes of the community, as well as in different areas of the same parish, a considerable increase in the percentage of literate females and differences in the degree of literacy depending on the professional group.

Introducción

No presente traballo propoñémonos presentar os aspectos cuantitativos dos procesos de escolarización e de alfabetización nun concello rural e mariñeiro como Rianxo, durante as primeiras décadas do presente século, é dicir, os modos nos que os sabe-

¹ Para a realización da presente pescuda contamos cunha "Axuda a Investigación" concedida polo Ilmo. Concello de Rianxo no marco da "III Convocatoria de Axudas Destinadas a Traballo de Investigación e Estudio do Patrimonio Cultural Rianxeiro. Ano 1994".

res elementais (ler, escribir e contar), valores e conductas foron transmitidos polos “axentes educadores” (institucións neste caso) ós “suxeitos da educación” (rapaces ou adultos analfabetos) a través das prácticas institucionais das escolas.

A principios do século vinte, o Concello de Rianxo participaba das características xerais da educación no Estado Español e, máis especificamente, das da rexión galega, no tocante ós baixos niveis de alfabetización, de escolarización da poboación en idade escolar e de investimento tanto en infraestructuras escolares como na formación e na retribución dos ensinantes.

Entre os grupos dominantes daquela en España, unha mentalidade propia do Antigo Réxime, que consideraba ós individuos máis como “súbditos” (é dicir, como obxectos do dereito) que como “cidadáns” (suxeitos do dereito) mantívose longo tempo. Os expoñentes máis conservadores, polo xeral, manifestaban fortes reticencias á extensión da escolarización ás clases baixas da sociedade.

Consecuencia directa desta mentalidade foi o escaso interese e atención que recibiu a educación do pobo. Pola contra a outros países de Europa Occidental ou América, que impulsaron a través de políticas estatais a alfabetización masiva e o desenvolvemento dun sistema educativo nacional, o bloque de poder dominante en España fixo da ignorancia unha estratexia de poder.

O sistema escolar foi feble e incompleto e ademais, alí onde foi organizado, fíxose pensado para funcionar como unha instancia de lexitimación das diferencias sociais. O sistema educativo non foi concibido como un continuum que comezaba na escola primaria para acabar na universidade, senón que se constituíron dúas esferas diferenciadas. O nivel das primeiras letras non era o paso inicial dunha carreira educativa senón o principio e o fin dunha rudimentaria educación para os fillos dos traballadores manuais das cidades, e dos campesiños, xornaleiros e labregos pobres do rural, o mesmo que para os fillos dos mariñeiros.

A batalla pola educación foi unha batalla política que se librou no marco dunhas determinadas relacións de poder e de dominación. Insire nun conflito de relacións de forza no que está en xogo a distribución da riqueza social, dos privilexios e do prestixio, a escola tiña una dobre misión: ó mesmo tempo que proporcionar saberes elementais (ler, escribir, contar), a súa función era tamén lexitimar-la orde social existente².

² LERENA, Carlos. *Escuela, Ideología y clases sociales en España*, Seix-Barral, Barcelona, 1976, páx. 185/186; PUELLES BENÍTEZ, Manuel de. *Educación e Ideología en la España Contemporánea*, Labor, Barcelona, 1991.

Cómpre aquí distinguir entre os conceptos “educación” e “escolarización”. Aínda que son múltiples e variadas as definicións de “educación”, hai consenso en definila nun senso amplo como un proceso de transmisión de saberes, conductas e valores que ten lugar en tódalas sociedades de tódolos tempos. A educación afecta a todo o conxunto de axentes sociais e maniféstase a través de múltiples accións espontáneas e de accións deliberadas. Estas últimas, ao consolidarse, adquiren categoría de institucionais.

Por “escolarización” entendemos aquí unha parte do proceso educativo global, que transcorre a través de accións deliberadas e de forma institucional, e dicir, que ocorre en lugares e tempos fixos e predeterminados, a cargo de axentes especializados. Esa transmisión e inculcación de saberes recoñece unha serie de gradacións, certificacións, currículos, horarios, calendarios, técnicas, recursos e rituais, máis ou menos estatualmente establecidos e controlados.

Polo tanto, definimos “escolarización” como un fenómeno máis restrinxido que “educación”, a pesar de que no senso común actual téndese a reducir esta última á primeira. Para o noso propósito, na Galicia de principios de século, todos recibían educación, pero bastantes menos recibían escolarización.

A “educación non-escolar” abranguía a educación que se recibía no seo familiar, como a lingua, formas de comportamento e relación cos demais, o que incluía as diferenzas de trato e conducta entre grupos de idade (entre os nenos, entre nenos e adultos, etc.), entre sexos (conductas para homes e para mulleres, saberes femininos e saberes masculinos, etc.), e entre clases sociais (trato e conducta entre campesiños, entre campesiños e señores, etc.); transmisión de saberes e crenzas tradicionais sobre a saúde e a enfermidade, a sexualidade e a reprodución, a vida e a morte; transmisión de nocións acerca do que existe e do que non existe, do que é bo e do que é malo, do que é posible e do que é imposible, así como sentimentos de pertenza, de lealdade, de honra, etc.; transmisión de case a totalidade dos saberes e técnicas de traballo que estaban a disposición dos sectores populares e que eran as que efectivamente usaban: coñecementos sobre a natureza, sobre agricultura, sobre animais, sobre o mar, así coma as técnicas dos oficios (carpintería, ferraría, cantería, etc.) e sobre o uso e fabricación de instrumentos de traballo.

Neste traballo ocuparémonos da educación “escolar” (elemental) no municipio de Rianxo no período indicado, pero é necesario non esquecer que a meirande parte dos procesos educativos que afectaban á maioría da poboación, ocorrían fóra e ata en

contradicción coa escola, por exemplo, no antagonismo entre lingua galega e lingua castelá, entre os saberes “populares” tradicionais e os saberes “sabios” escolares, entre un ámbito predominantemente “inculto-popular-rural” e outro predominantemente “culto-señorial-urbano”, o que tamén se podería presentar como un ámbito “oral-iletrado-espontáneo” diferenciado de outro “escriturado-alfabetizado-institucional”.

1. Rianxo a comezos de século

Cara o ano 1900 o Concello de Rianxo contaba cunha poboación de 8.277 persoas, a maioría das cales dedicábanse a labrar as terras, distribuídas en seis parroquias: Rianxo (vila), Asados, Araño, Taragoña, Leiro e Isorna. Existía un núcleo importante de poboación mariñeira na Vila e algúns comerciantes ao polo miúdo, algún “industrial”, algúns propietarios que percibían rendas, e varios artesáns especializados espallados polas parroquias. A emigración constituía tamén aquí unha válvula para intentar escapar da miseria ou das estreituras cotiás e xa daquela Bos Aires e A Habana contaban cunha cantidade apreciable de nados en Rianxo (o Centro Galego de Bos Aires fúndase no ano 1907 e o “*Centro de Hijos de Rianjo*” na mesma cidade uns anos máis tarde).

A Vila non contaba a comezos do século con rúas empedradas nin con iluminación pública. Esta chegará no ano 1911³.

No que respecta ó ensino, o concello contaba en 1900 con dúas escolas completas, unha para nenos e a outra para nenas, situadas na Vila, e unha escola incompleta en cada unha das demais parroquias.

En canto ao grao de alfabetización da poboación, podemos ver as cifras no cadro seguinte:

³ “O día de San Xosé de 1911 inaugurábase en Rianxo a iluminación pública de acetileno [...] Os animais domésticos —incluídos os porcos e as galiñas— paseábanse cos viandantes polas rúas principais, rúas que, ademais, permanecían enlameadas ao longo de todo o inverno. [...] Hai certamente, unha estrada e dous camiños veciñais [...] hai peirao, se ben inútil; coche diario a Padrón e vapor os martes a Vilagarcía; ata por haber hai varredoiro e dous gardas municipais que nunca houbera.” DURAN, José Antonio. *Historia de caciques, bandas e ideoloxías en la Galicia no urbana*, Siglo XXI, Madrid, 1976, pp. 68. Para aspectos históricos acerca de Rianxo, ver tamén do mesmo autor. *Crónicas-I e Crónicas-III*, Akal, Madrid, 1974 e 1976. Asemade, SANTOS, X. E COMOXO, X., *Biografía de Arcos Modes. (Rianxo: apuntes dunha vila mariñeira). 1865-1944*, Concello de Rianxo, Rianxo (A Coruña), 1994.

Cadro 1
Rianxo. Poboación Alfabetada e Analfabetada

Ano		Habitantes	Len	Len e escriben	Non Len nin escriben
1900	Homes	3687	189	1372	2126
	Mulleres	4590	227	561	3802
	TOTAL	8277			
1910	Homes	3739	80	1784	1875
	Mulleres	4850	214	1069	3567
	TOTAL	8589			
1920	Homes	3933	33	2195	1705
	Mulleres	5054	118	1675	3261
	TOTAL	8987			

Fonte: Censos de poboación.

A cantidade de mulleres que só sabían ler pero non escribir era superior á de homes que estaban nesa situación, sendo tamén moi superior o analfabetismo das mulleres ó dos homes, mantendo a mesma situación que no resto de Galicia e do Estado español⁴. As razóns disto son ben coñecidas: ademais das razóns xerais expostas anteriormente, que provocaban o retraemento escolar en Galicia, no caso particular das mulleres compre agregar outras, como son: a inferior condición social da muller, destinada ó “encerro doméstico” ou a traballos de escasa cualificación e consideración, e a consecvente preferencia pola escolarización dos fillos varóns cando se trataba de distribuír os magros recursos familiares. As fillas, tendo como horizonte o casamento e as labores da casa e da terra, podían prescindir, en maior medida ca seus irmáns, dunha educación escolar ou, en todo caso, recibían unha ensinanza de inferior calidade e de máis curta duración.

⁴ Para o estado da educación en Galicia desde fins do século pasado ata as primeiras décadas do presente, ver: SUAREZ PAZOS, Mercedes. *La educación en Galicia de 1868 a 1874*, Tesis Doctoral, Universidad Complutense de Madrid, 1982; GABRIEL, Narciso de, *Leer, Escribir y Contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1990; COSTA RICO, Antón. *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia. Da Restauración á IIª República*, Xunta de Galicia, Santiago, 1989. Tamén: BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Galicia. Historia Contemporánea. Enseñanza y Cultura*, Tomo VI de: RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco (ed.) *Galicia. Historia*, Hércules de Ediciones, A Coruña, 1991.

O cadro Nº 2, considerando aos que só len como alfabetos e expresado en valores de porcentaxe, móstranos ás claras a crúa realidade do grao de instrucción da poboación e as moi significativas diferencias entre homes e mulleres: no ano 1900 só un 17% das mulleres poden ser consideradas máis ou menos alfabetas en tanto que un 42% dos homes estaban nesa situación. Pero nas dúas décadas seguintes o grao de instrucción das mulleres medra a velocidade máis rápida que o dos homes: para 1920 a porcentaxe de mulleres alfabetas duplicarásese, en tanto cá dos homes só terá aumentado unha terceira parte.

Cadro 2

Rianxo. Taxa de Alfabetización e Analfabetismo.

<i>Ano</i>		<i>Poboación</i>	<i>Alfabetos (%)</i>	<i>Analfabetos (%)</i>
1900	Homes	3687	42,33	57,66
	Mulleres	4590	17,16	82,83
	TOTAL	8277		
1910	Homes	3739	49,85	50,14
	Mulleres	4850	26,45	73,54
	TOTAL	8589		
1920	Homes	3933	56,64	43,35
	Mulleres	5054	35,47	64,52
	TOTAL	8987		

Fonte: Censos de Poboación de 1900, 1910 e 1920. Na poboación alfabetizada inclúese a que só sabe ler.

Nembargante, as taxas medias tenden a producir unha falsa imaxe de homoxeneidade e regularidade e, polo mesmo, tenden a ocultar os contrastes (moitas veces moi marcados) entre as diferentes demarcacións territoriais. No caso particular de Rianxo, existían unhas significativas diferencias de alfabetización e escolarización entre as parroquias e entre lugares ou aldeas dentro das mesmas parroquias. As coñecidas dificultades de comunicación e transporte tendían a concentrar a poboación escolarizada onde se asentaba o local escolar en desmerecemento das aldeas ou lugares máis afastados ou de máis difícil acceso. Este fenómeno era, por suposto, máis marcado a principios de século, diminuíndo a súa intensidade na medida en que foron mellorando

os camiños, os medios de transporte e o investimento en infraestrutura escolar. Loxicamente a poboación alfabetizada distribuíase da mesma desigual maneira.

Sen embargo, no cadro Nº 3 encontramos cifras que parecen desmentir estas afirmacións: a parroquia de Rianxo, maioritariamente urbana, vila capital do concello, sede das autoridades municipais e a única que tiña dúas escolas primarias completas (para nenos e para nenas) é, precisamente, a parroquia que ten a taxa máis baixa da alfabetización de todo o concello: 22,29% de alfabetización, fronte ao 51,74% de Isorna, que era unha parroquia totalmente rural.

A explicación deste feito non tería que ver coas distancias ou dificultades de comunicación senón coa pertenza a grupos ou clases sociais determinadas: na vila de Rianxo residía a maioría da poboación mariñeira.

O incompleto rexistro de datos de poboación nos padróns municipais de 1905 e 1910 non nos permitiu investigar a porcentaxe específica de alfabetización (ou analfabetismo) entre a clase mariñeira, pero non resulta arriscado soste que entre ela a taxa de analfabetismo debería ser elevadísima. As moi duras condicións de traballo, a semipiterna pobreza, a necesaria incorporación temperá dos fillos e fillas de mariñeiros as múltiples actividades relacionadas coa pesca, a venda do peixe, a reparación de redes, a non estacionalidade desta actividade, sumadas ás outras condicións do atraso escolar xa mencionadas, como a escasa ou nula aplicación que podía ter o tipo de escolarización recibida na actividade mariñeira, sen dúbida incidían na ausencia de instrución na maioría deste colectivo.

No cadro Nº 4 represéntase a mesma situación, distinguindo entre homes e mulleres. Na parroquia de Rianxo só un 16% das mulleres se pode considerar alfabetada contrastando co 23% de media do concello ou o 39% da parroquia de Isorna. No caso dos homes o 22% de alfabetados contrasta co 33% de media do concello ou os elevados (para a época) 67% de Isorna ou o 65% de Araño.

O caso de Araño é particularmente rechamante, por ser esta a parroquia máis extensa, eminentemente rural, con maioría absoluta de poboación campesiña, a máis afastada do centro municipal, e con moitas aldeas con serias dificultades de comunicación. A pesar desto, ten un índice de alfabetización máis elevado que parroquias mellor situadas e con menores problemas de comunicación, como Asados ou Taragoña. Pero tamén aquí se debe considerar que, de dezaoito entidades de poboación que ten a parroquia, cinco delas (Carballal, Capela, Miráns, Pousada e Traba), situadas preto da principal vía de comunicación da parroquia e do concello (a actual estrada comarcal

550, e coa escola en Miráns) concentraban o 68,11% (329 persoas) do total de alfabetos. Polo contrario no conxunto de tres aldeas afastadas, situadas nun contorno montañoso e con malas vías de comunicación como Cerqueiras, Campelo e Vilar, que sumaban 135 habitantes, non existía ningunha muller que soubera ler ou escribir e tan só 14 homes.

Cadro 3

Rianxo. Taxa de Alfabetización por Parroquias (1910)

	PARROQUIAS						TOTAL
	Araño	Asados	Isorna	Leiro	Rianxo	Taragoña	
Poboación	1182	1303	543	1073	2395	2060	8556
Alfabetos	483	461	281	408	534	726	2893
% Alfabetos	40,86	35,37	51,74	38,02	22,29	35,24	33,81

Elaboración propia en base a datos do padrón municipal.

Cadro 4

Rianxo. Taxa de Alfabetización masculina e feminina por Parroquias (1910)

	PARROQUIAS						TOTAL
	Araño	Asados	Isorna	Leiro	Rianxo	Taragoña	
Mulleres	694	754	306	565	1386	1135	4840
Alfabetas	165	180	120	147	226	295	1133
% Alfabetas	23,77	23,87	39,21	26,01	16,30	25,99	23,40
Homes	488	549	237	508	1009	925	3716
Alfabetos	318	281	161	261	308	431	1760
% Alfabetos	65,16	51,18	67,93	51,37	30,52	46,59	47,36

Elaboración propia en base a datos do padrón municipal.

Temos dito que arredor do 1900 existía unha escola incompleta en cada unha das parroquias, agás na de Rianxo onde había dúas escolas completas: en total sete escolas nacionais que funcionaban de xeito máis ou menos regular, e un número indeterminado de escolas particulares ou simplemente persoas que “poñían escola” con certa continuidade ou só temporalmente. Moitas delas funcionaban polo serán e pola noite

para que puideran concorrer nenos ou adultos despois de cumprir cos traballos cotiáns.

Na parroquia de Asados existía ademais unha escola de fundación a partir do legado que deixara para ese fin Don Simón Varela, que fora cura párroco, á que concurrían principalmente nenos.

Pero ¿cantos nenos e nenas en idade escolar concurrían máis ou menos efectivamente e con regularidade ás escolas? Para tratar de responder a esta pregunta, tomamos os datos do padrón municipal de 1905.

Cadro 5

Rianxo. Índice de Escolarización por Parroquias (1905)

<i>Parroquia</i>	<i>Poboación de 15 anos e menos</i>	<i>Escolarizados</i>	<i>Porcentaxe</i>
ARAÑO	359	26	7,24
ASADOS	273	9	3,29
ISORNA	160	2	1,25
LEIRO	423	2	0,47
RIANXO	685	56	8,17
TARAGOÑA	397	14	3,52
TOTAL	2297	109	4,74

Elaboración propia en base a datos do padrón municipal.

Os datos deste cadro non poden senón chamarnos a atención. Segundo eles menos dun cinco por cento da poboación de quince anos e menos, concurría á escola. As parroquias de Leiro e Isorna, que en 1910 presentaban índices de alfabetismo relativamente elevados (Cadros 3 e 4), figuran aquí cos máis baixos índices de escolarización, incluso moi próximos a cero. Segundo os datos do padrón municipal só dous nenos (ou nenas) concurrían con regularidade á escola en Isorna e outros dous en Leiro. ¿Deberíamos crer que as escolas estaban baldeiras? ¿Onde aprendía a xente a ler e escribir entón?

Se comparamos o índice de escolarización de Rianxo co da provincia da Coruña, as diferencias son tamén moi marcadas, xa que a media da provincia informa que no ano 1900 o 30,46% dos homes e o 24,12% das mulleres concurría a escola.

As explicacións para as cifras tan baixas do Cadro 5 poderían ser de ordes diferentes. Por unha banda, o grao de fiabilidade dos datos. Nos padróns municipais daquela época encóntranse erros variados atribuíbles á persoa ou persoas encargadas de facer o padrón. Pero non poden ser só erros humanos a causa de tan escasas cifras, senón máis ben que no padrón só figuran como escolarizados aqueles nenos e nenas que tiñan como “profesión” ou ocupación normal, habitual e *exclusiva* ir á escola. Os outros, os que combinaban os labores da terra, da casa, do gando ou do mar coa asistencia máis ou menos irregular ou temporal á escola non eran rexistrados no padrón municipal como “escolares”, o que, de pasada, delata o criterio marcadamente ideolóxico co que se “clasificaba” a poboación. Os que concorrián ás casas ou locais de escolantes diversos, ou os que concorrián a escolas particulares nocturnas tampouco figuraban no padrón como indo á escola.

As escolas presentaban daquela unha mobilidade de alumnos relativamente grande. Grupos de nenos e nenas alternábanse na concorrencia. Asistían por tempadas, cando os labores do campo ou da casa ou o clima ou a situación familiar ou a saúde o permitían. No mellor dos casos a cantidade de alumnos presentes nunha escola podería ser máis ou menos regular, pero, moi probablemente, non eran as mesmas persoas as que concorrián.

Esta irregular e/ou temporal asistencia, aínda que complementada coa asistencia simultánea ou alternada igualmente irregular e/ou temporal a escolas particulares nocturnas ou diurnas, non podía senón provocar un baixo e incompleto nivel de instrución, ademais de tódalas limitacións xa sinaladas que tiña a propia escolarización regular e completa.

O padrón municipal de 1905 sérvenos tamén para exemplificar a xa sinalada discriminación social que estaba na base do sistema educativo español. A escola primaria non era, como está dito, o primeiro chanzo dunha carreira maior senón o nivel escolar final, e carente de prestixio, propio das clases sociais subordinadas. Deste xeito o vocabulario oficial administrativo diferenciaba entre o simple estar “na escola” dos fillos de labregos ou mariñeiros (os que estaban) e estar “no colexio”. Sen embargo, a diferenza maior dábase entre a condición de estar “na escola” e a condición de “estudiante”, que estaba reservada a aqueles que cursaban estudos secundarios ou superiores. Noutras palabras, “ir á escola” (os que ían) era unha cualidade moi diferente de ser “estudiante”, condición propia dos fillos das clases sociais máis elevadas. No caso particular de Rianxo en 1905, distinguidos coa condición de “estudiantes” só había un en

Taragoña, e dous na vila de Rianxo: Eduardo Dieste e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

2. Alfabetización e grupos profesionais

Nos Cadros Nº 6 e 7 podemos ver como evoluciona o grao de instrucción da poboación rianxeira segundo as cifras de alfabetización correspondentes ao ano 1931, comparándoas coas de 1910 (Cadros 3 e 4).

O primeiro que notamos é unha lenta pero crecente mellora na instrucción do conxunto da poboación: do 33,8% de alfabetos en 1910 pasamos o 53,5% en 1931 cun lixeiro aumento proporcional de mulleres alfabetas. Neste ano sabían ler e escribir o 43,8% das mulleres e o 64,4% dos homes (a media de mulleres alfabetas medrou 20 puntos; a de homes 17 puntos).

Nembargante, ó analizar o crecemento por parroquias, notamos significativas disparidades e, mesmo, un estraño retroceso da taxa de alfabetismo na parroquia de Isorna, que diminúe desde 51,7% en 1910 (o máis alto de todo o Concello nese momento) a 46,9% en 1931.

Ao mesmo tempo, prodúcese un crecemento moi importante (case explosivo para as baixas cifras da época) do alfabetismo na parroquia de Rianxo: de ter a máis baixa porcentaxe en 1910 -22,3%-, pasa a ter a máis alta en 1931: 66,6%. E este crecemento e aínda maior no caso das mulleres: dun 16,3% -o máis baixo de todo o Concello en 1910- a un 63,5%: o máis alto de todo o Concello en 1931.

Cadro 6.

Rianxo. Taxa de Alfabetización por Parroquias (1931)

	PARROQUIAS						
	<i>Araño</i>	<i>Asados</i>	<i>Isorna</i>	<i>Leiro</i>	<i>Rianxo</i>	<i>Taragoña</i>	<i>TOTAL</i>
Poboación	1417	1511	592	1130	2638	2403	9691
Alfabetos	638	888	278	609	1758	1023	5194
% Total	45	58,7	46,9	53,8	66,6	42,5	53,5

Elaboración propia en base o padrón municipal. Na parroquia de Araño hai datos incompletos no lugar de Buhía, e na de Taragoña faltan datos sobre os lugares de Senra e Te. Os datos de Araño corresponden ó ano 1930; para todas as demais parroquias son do ano 1931.

¿Que pasou nas parroquias de Rianxo e Isorna entre 1910 e 1931 que provocou un crecemento explosivo da alfabetización na primeira e un retroceso na segunda? ¿Cales foron as razóns dun moderado crecemento no Araño -do 40,8% ao 45%- e un moito maior en Leiro -38% ao 53,8%-?

Cadro 7

Rianxo. Taxa de Alfabetización masculina e feminina por Parroquias (1931)

	PARROQUIAS						TOTAL
	Araño	Asados	Isorna	Leiro	Rianxo	Taragoña	
Mulleres	784	807	324	591	1351	1257	5114
Alfabetas	246	375	108	241	859	414	2243
%	31,3	46,4	33,3	40,8	63,5	32,9	43,8
Homes	633	704	268	539	1287	1146	4577
Alfabetos	392	513	170	368	899	609	2951
%	61,9	72,8	63,4	68,3	69,8	53,1	64,4

Elaboración propia en base o padrón municipal. Na parroquia de Araño hai datos incompletos no lugar de Buhía, e na de Taragoña faltan datos sobre os lugares de Senra e Te. Os datos de Araño corresponden ó ano 1930; para todas as demais parroquias son do ano 1931.

O estado actual da enquisa non nos permite dar respostas concluíntes. Seguramente ten que ver cun aumento desparello dos recursos destinados á instrución que favoreceu á vila en desmerecemento doutras parroquias. Tamén pode ter influído unha maior presenza de escolantes e de escolas particulares (temos noticia de que nalgúns momentos funcionaban cinco escolas particulares na parroquia de Rianxo), ou un maior empeño no desenvolvemento da instrución por parte dos mestres ou persoas particulares, ou unha combinación de todas ou dalgunhas destas condicións.

En calquera caso, o máis significativo foi un proceso que comeza a adquirir características masivas, e que afecta sobre todo ós grupos de poboación mariñeira. A escola gratuita que funcionaba no Pósito de Pescadores de Rianxo seguramente desempeñou un papel relevante, pero neste momento non podemos senón sinalar a importancia que tería unha enquisa sobre este fenómeno para coñecer o sentido, as forzas e as institucións que afectaron a un colectivo tan importante como os homes e

mulleres do mar, tradicionalmente depauperado e ata marxinado naqueles tempos. Durante a década dos vinte e primeira metade dos trinta, ao menos en Rianxo, este colectivo parece ter mellorado a súa situación e ata a súa consideración social, pero cremos que faltan investigacións que posibiliten un coñecemento máis fondo destas transformacións.

Como xa temos dito ao analizar as cifras de 1910, os valores medios non deben facernos esquecer as diferencias que neles se acochan. As entidades de poboación máis afastadas e con máis dificultades de comunicación seguen a ter, en 1931, índices baixísimos de alfabetización: en Araño, Campelo ten 2,35% de alfabetos; Vilar, 5,17% e Cerqueiras 12,7%. Nestes tres últimos lugares, sobre un total de 190 habitantes só 11 sabían ler e escribir, ou aínda só ler. O mesmo ocorría nas aldeas afastadas de Taragoña.

O índice de escolarización tamén aumenta nestas décadas de xeito significativo. Dos moi baixos índices de 1905 (pretos de cero nalgún caso, ver Cadro 4) achegámonos a valores máis de acordo cos novos tempos.

Cadro 8

Rianxo. Taxa de Escolarización (1931)

<i>Parroquia</i>	<i>Menores 15</i>	<i>Escolarizados</i>	<i>Porcentaxe</i>
ARAÑO	405	213	52,5
ASADOS	507	260	51,2
ISORNA	208	132	63,4
LEIRO	370	238	64,3
RIANXO	701	329	46,9
TARAGOÑA	742	525	70,7
TOTAL	2933	1697	57,8

Elaboración propia en base a datos do padrón municipal. Na parroquia de Araño hai datos incompletos no lugar de Buhía e na de Taragoña faltan datos sobre os lugares de Senra e Te. Os datos de Araño corresponden ó ano 1930; para todas as demais parroquias son do ano 1931.

Neste cadro aparecen outra vez cifras das que non temos unha explicación satisfactoria. A pesar de ser a parroquia de Rianxo a de maior diminución do analfabetismo, aparece neste cadro co menor índice de rapaces en idade escolar matriculados na escola. Cumpriría preguntarse entón, se non era nas escolas públicas, ¿onde aprendían

os rapaces de Rianxo a ler e escribir? Outras preguntas son tamén obrigadas: ¿Onde aprenderon a ler e escribir os rapaces e os adultos da parroquia de Rianxo que en 1910 constaban como analfabetos? Non puido ser no seo familiar porque as familias eran normalmente analfabetas. ¿Foi en escolas particulares, foi con ensinantes particulares, foi a través das campañas de alfabetización que promovían as Misións Pedagóxicas? Poderíase quizais aplicar tamén aquí o que dixemos para os asombrosamente baixos índices xerais de 1905 (Cadro 5): que só os que tiñan coma ocupación *exclusiva* asistir á escola figuraban coma “escolares” e, polo tanto, os datos do padrón municipal só expresaban unha parte da realidade escolar. Pero o tema merece un maior estudio.

As aldeas de Campelo, Cerqueiras e Vilar, en Araño, continúan tendo índices moi baixos: de 63 nenos e nenas menores de quince anos, en conxunto, só once figuran como concorrendo á escola.

O cadro 9 permite comparar a evolución da lenta diminución do analfabetismo no distrito de Rianxo coas catro provincias galegas e o promedio do Estado español. Tendo en conta a media de España, observamos que o analfabetismo entre os homes de Rianxo é similar ao do resto do Estado, pero no caso da muller é algo maior. Os factores que producían unha crecente pero lenta alfabetización do conxunto da poboación galega e española semellan ter actuado de xeito similar no caso particular de Rianxo. Dito doutra forma, as transformacións do grao de instrución en Rianxo parecen ser similares e acompañan ós cambios que estaban a ocorrer no resto do Estado.

O Cadro 10 permítenos unha visión de conxunto do grao de alfabetismo segundo ocupacións ou grupos profesionais En Rianxo. A porcentaxe de alfabetismo entre os mariñeiros só era lixeiramente inferior á dos labregos en 1931 e nos oficios manuais especializados (canteiros, zapateiros, carpinteiros, etc.) case que todos eran alfabetos; aínda nun oficio manual non especializado como os “xornaleiros” a porcentaxe de alfabetos é alta, por non mencionar os “serventes” que tamén aparecen todos alfabetizados.

Entre as mulleres, as “serventas” eran alfabetas nunha maioría: a súa porcentaxe de alfabetismo era máis alta cá das mulleres que só se ocupaban da casa (“os seus Labores”). Pero rexístranse grandes diferencias entre homes e mulleres que desempeñaban unha mesma ocupación: 71% de labregos alfabetos contra o 40% de labregas alfabetas; 66% de mariñeiros fronte a 40% de mariñeiras; 75% de xornaleiros e só 53% de xornaleiras.

Neste traballo, como xa dixeramos, só pretendemos unha aproximación ás particularidades que asumiron os procesos de escolarización e alfabetización no ámbito local do municipio rianxeiro. Polo tanto, as conclusións que poidan constar nel revisten un carácter necesariamente provisorio. Centramos a atención aquí nos aspectos cuantitativos e institucionais, pero non esquecemos que o institucional é soamente unha parte (nin sequera nos atrevemos a dicir que a máis importante) dun conxunto heteroxéneo e difuso de accións e intervencións educativas, deliberadas ou espontáneas, feitas por axentes especializados ou persoas comúns, planificadas ou desordenadas, que se refiren a medios e modos de produción, circulación e apropiación de saberes, condutas e valores.

Cadro 9

Evolución do Analfabetismo Masculino e Feminino

	ANO			
	1900	1910	1920	1930
Rianxo				
homes	57,66	50,14	43,35	35,60
mulleres	82,83	73,54	64,52	56,20
A Coruña				
homes	58,04	53,02	46,39	38,41
mulleres	81,28	74,20	65,84	54,84
Lugo				
homes	54,30	49,63	42,75	34,10
mulleres	81,85	76,10	65,55	51,51
Ourense				
homes	56,62	56,61	50,46	37,06
mulleres	82,14	71,33	65,65	53,35
Pontevedra				
homes	53,90	49,44	43,98	35,86
mulleres	80,34	72,73	61,58	49,92
Galicia				
homes	55,80	52,14	45,89	36,57
mulleres	81,35	73,59	64,65	52,60
España				
homes	55,75	52,54	46,33	36,25
mulleres	71,42	65,79	57,78	47,49

As cifras significan porcentaxe sobre poboación total masculina e feminina respectivamente. Datos en base a Censos Nacionais, Padrón Municipal de Rianxo e COSTA RICO, A. *Escolas e Mestres. A educación en Galicia. Da Restauración á IIª República*, Xunta de Galicia, Santiago, 1989, pp. 159 e 388.

Cadro 10

Rianxo. Profesións e Alfabetismo. Ano 1931

<i>Profesións Masculinas</i>			
<i>Profesión</i>	<i>Total</i>	<i>Alfabetos</i>	<i>%</i>
Escolares	889	277	31,1
Mariñeiros	498	331	66,4
Labradores	2469	1775	71,8
Xornaleiros	138	104	75,3
Empregados	13	12	92,3
Canteiros	36	32	88,8
Zapateiros	21	20	95,2
Industriais	24	24	100
Carpinteiros	61	60	98,3
Xastres	27	27	100
Estudiantes	20	20	100
Mestres	12	12	100
Propietarios	16	14	87,5
Albaneis	10	10	100
Comerciantes	22	21	95,4
Gardas	11	11	100
Serventes	11	11	100
Outros	66	64	96,9
Homes	4642	2989	64,3

<i>Profesións Femininas</i>			
<i>Profesión</i>	<i>Total</i>	<i>Alfabetos</i>	<i>%</i>
Escolares	820	261	31,8
Labradoras	2813	1116	39,6
Mariñeiras	229	93	40,6
Seus Labores	712	498	69,9
Serventas	48	36	75
Propietaria	14	11	78,5
Xornaleiras	252	134	53,1
Outras	20	16	80
Mulleres	5237	2266	43,2

Elaboración propia en base a padróns municipais. Os datos da parroquia de Araño son do ano 1930. En araño están incompletos os datos do lugar de Buhía, e faltan datos dos lugares de Senra e Te na parroquia de Taragoña.

Quedan moitos aspectos educativos (en sentido amplo) que nin sequera foron aquí rozados. Polo tanto non cabe aquí falar de conclusións, senón apuntar a necesidade doutras investigacións que fornezan os datos necesarios para construír un cadro máis completo das formas e procesos educativos locais.

Finalmente, neste desconcertante fin de milenio, ante o rexurdimento de fundamentalismos relixiosos e políticos; fronte á mistificación do universo tecnolóxico; ante a crise das ideas de progreso, de racionalidade e utopía, cremos que “a investigación histórica [pode proporcionar] os instrumentos dunha verdadeira toma de conciencia [...] A polémica científica [...] dá a aquel que a exerce e a padece unha posibilidade de saber o que di e o que fai, de transformarse certamente no suxeito das súas verbas e dos seus actos, de destruír todo aquilo que hai de necesidade nos feitos sociais e no pensamento social [...] O coñecemento científico da necesidade encerra a posibilidade dunha acción dirixida a neutralizala, e, polo tanto, dunha liberdade posible”⁵.

⁵ BOURDIEU, Pierre. “O morto apodérase do vivo. As relacións entre a historia reificada e a historia incorporada”, *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 32/33, Avril-Juin, 1980, páx. 3-14